



CRA DE NARÓN

PLAN DE CONVIVENCIA

CURSO 2017-18

23/05/2017

1.XUSTIFICACIÓN

1.1. LEGAL

Lei 27/2005, de 30 do novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013,

de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e

participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Todas as funcións dos equipos de coordinación, mestras e implicados no plan de convivencia ateranse á normativa vixente referida no preámbulo deste plan e outra posible que puidera surxir, así como as que determine a administración educativa.

1.2. CONTEXTUAL

✦ A situación socioeconómica e cultural das nosas familias, moi relacionada coa situación de Ferrolterra, un dos epicentros da crise económica e industrial de Galiza, e que está a pegar con forza as nosas familias.

✦ A necesidade, aportada por todos os mestres e mestras, de buscar coherencia nas normas, límites e xeitos académicos, de hábitos e rutinas de estudo, na realización dos deberes escolares e na convivencia común de ambos contextos que preparan ao alumnado de cara á sociedade, como, pretendemos que sexan, axentes de cambio activo e positivo das mesmas.

✦ A pesar da escaseza de conflitos resolto con calquera tipo de violencia (ver enquisas familias e profesorado mais adiante), a observación de falta de recursos por parte do alumnado para resolver os seus conflitos por sí mesmos, sen a intervención de adultos e dun xeito pacífico, construtivo e dialogado.

✦ A necesidade de dar a coñecer e formular dun xeito simple, directo e coherente por parte do centro as medidas de convivencia ás nosas familias.

✦ A importancia de aumentar a participación das familias na vida do centro e en decisións estratéxicas sobre o mesmo. É preciso aumentar a comunicación das familias co centro de xeito diverso, fluído e directo, promovendo accións consensuadas de toda a comunidade educativa.

1.2.1. INSTALACIÓNS

O Colexio Rural Agrupado de Narón, é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria.

A estrutura do Centro é diferente á de un colexio convencional, pois componse de 4 escolas de Educación Infantil e 1 de Educación Infantil e Primaria con 13 aulas funcionando neste momento. As escolas que compoñen o CRA situanse nas parroquias de: Castro, Sedes, Pedroso, O Val e Alto do Castiñeiro.

As nosas escolas distribúense en :

Castro: un unico edificio con dúas plantas, un pequeno patio cuberto e un patio exterior con columpios. O recinto está vallado e ten unha cancela de acceso para coches e outra para persoas.

Sedes: un único edificio, moi antigo, o único que non ten a construción típica de escola unitaria pois é unha casa habilitada, consta de dúas plantas, un pequeno porche cuberto e un patio exterior de herba e con columpios, o recinto está todo cerrado e con cancela de acceso.

Pedroso: un único edificio de dúas plantas con dous locais en cada unha delas así como un almacén na planta superior. Tamén dispón de patio cuberto (porche) e un patio exterior de herba con columpios. Tanto o porche como o recinto da escola están vallados non así o patio exterior que comparte cerrado co centro de saúde situado enfrente da escola.

O Val : consta de dous edificios, un para as aulas de infantil cun pequeno local onde está a fotocopiadora e tamén unhas poucas mesas que se usa para intervencións dos especialistas de PT e AL e para as clases de Relixión ou Atención educativa, dependendo do número de alumnos pois é un espazo moi pequeno. O outro edificio ten dúas plantas con dúas aulas en cada unha delas. Neste edificio bótase en falta un espazo para as intervencións de PT e AL así como as clases de Relixión e Atención educativa. Tamén dispón esta escola entre os dous edificios dun pequeno ximnasio. No recinto exterior hai unha pista deportiva descuberta e vallada e un patio exterior con columpios. Todo o recinto está vallado e cunha cancela de acceso ó mesmo. Pola parte de atrás da escola atópase un pavillón polideportivo de titularidade municipal e que todos os cursos solicitamos para que o profesor de Ed. Física poida usalo en horario lectivo cando o considere conveniente.

Domirón: esta escola é de recente construción (2006) consta de un único edificio con tres aulas, con baño en cada unha delas, uns baños comúns, unha sala de usos múltiples, unha sala de informática que alberga

tamén a fotocopiadora, un pequeno despacho que se usa para reunións de titoría, reunións da orientadora coas familias e outra pequena aula que se usa como aula de PT e de AL aínda que é coma un pequeno despacho. A escola consta dun patio semicuberto e un gran patio de herba con columpios. Todo o recinto está vallado e accedese por unha cancela.

Sede do CRA: situada na localidade de San Xiao, antigamente había escola neste edificio pero agora alberga o despacho de dirección, a sala de profesores e na parte alta dúas salas de reunións e o despacho da orientadora.

1.2.2.CONDICIÓN SOCIOECONÓMICAS

✦O nivel socio-económico das familias que compoñen a nosa escola é medio – baixo

✦O idioma dominante nas familias é o castelán.

✦O nivel ISEC reflectido polas familias nas últimas enquisas realizadas, co gallo da avaliación diagnóstica, indica un nivel socioeconómico e cultural medio – baixo cunha escasa prevalencia do hábito lector entre elas. Isto repercute no rendemento académico dos nenos, que se está a intentar mellorar e aumentar.

✦Hai que ter en conta que estes resultados refírense exclusivamente á Escola de O Val por ser a única que conta con primaria.

✦polos datos extraídos das entrevistas iniciais ás familias no momento de incorporación ao centro, estes datos pódense extrapolar ao resto das escolas

Podemos calificar a participación das familias na escola coma satisfactoria, pero mellorable sen dúbida. A ANPA ten un papel activo e importante no colexio, sendo moi proactiva nas distintas actividades que se propoñen dende o centro.

1.2.3 RECURSOS HUMANOS

Persoal docente

O centro conta actualmente con 13 mestres e mestras:

- 11 especialistas en Educación Infantil.
- 4 especialistas en Educación Primaria.
- 1 mestra de Educación Musical.
- 1 mestre de Educación Física.
- 1 mestra de Lingua Estranxeira (Inglés).
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica.
- 2 mestras de Audición e Linguaxe (Compartidas)
- 2 mestras de Relixión Católica (Compartidas)
- 1 Orientadora

Persoal non docente

-2 ATE (coidadoras)

✦ O centro escolariza alumnado de educación infantil en todas as escolas. Só en dous casos, en Domirón e no Val, está organizado en aulas homoxéneas por idades (3, 4 e 5 anos). Nas escolas de Castro, Sedes e Pedroso, os alumnos e alumnas de educación infantil están mesturados nunha única unidade. No que se refire a primaria,

esta etapa está presente só na escola de O Val .

✦En O Val funcionan neste momento catro aulas, con alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º.

✦A presenza no centro de nenos e nenas de procedencia estranxeira é practicamente irrelevante. En cada curso académico pode haber como máximo 2-3 alumnos/as.

2. ANÁLISE CONCEPTUAL PREVIA

Existen moitas definicións sobre a **violencia** e os seus múltiples tipos. A comunidade científica coincide en resaltar que as condutas que agreden física ou psicolóxicamente a alguén, e que pretenden causar dano, son condutas que se terían que caracterizar de violentas. Son moitos, porén, os tipos de violencia

e as matizacións conceptuais sobre a mesma; tantos como os factores ou as causas que pretenden explicala para comprendela.

Violencia directa, física ou psicolóxica

Así enténdese por violencia directa, física ou psicolóxica, aquela que as persoas máis facilmente perciben como tal, unha agresión, unha violación, un acto terrorista, a guerra... Fálase tamén de violencia estrutural, máis opaca, menos perceptible, e que ten que ver coa inxustiza, coa pobreza e a exclusión social ou coa miseria.

Violencia simbólica

Tamén existe unha violencia simbólica, unha violencia virtual, uns comportamentos, unhas actitudes e uns contravalores transmitidos moitas veces polos medios de comunicación e as múltiples pantallas que, fundamentalmente, banalizan a violencia, a naturalizan, mesmo fan a poboación menos sensible coa dor e o sufrimento alieo.

Violencia doméstica

Fálase igualmente da violencia doméstica para referirse á que ten o fogar como ámbito de actuación, como sucede co maltrato infantil, a violencia dos fillos e fillas para cos pais e as nais ou a violencia de xénero. Mesmo fenómenos e comportamentos que fai tan só uns anos non eran percibidos socialmente como violentos, hoxe resultan completamente intolerables.

Conflicto	Cando se fala de conflictividade , con frecuencia téndese a percibilo de maneira negativa e considérase que se debe fuxir deles. Isto acontece porque se confunden coa forma en que habitualmente se pretenden resolver,desde unha visión negativa do conflito. Non en tanto, a visión positiva considera que os conflitos existiron, existen e seguirán a existir no futuro, porque son o resultado da propia liberdade; das diferenzas de criterios; de aspiracións, desexos e intereses contrapostos das persoas, grupos ou nacións. A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos,senón en aprender a resolvelos pacificamente,por medio do diálogo,da comunicación,do acordo,da negociación, do entendemento e da concordia.
Violencia“natural”	Escóitase con excesiva frecuencia que a violencia é “natural” nos seres humanos. Esta “naturalización” da violencia está en contradición coas publicacións,estudos e investigacións da comunidade científica que insisten en reiterar que é a agresividade e se estado de alerta diante dun perigo, real ou ficticio/a que se pode considerar como innata e non a agresión. Pola contra, a violencia apréndese; é o resultado dunha longa e continua aprendizaxe con axentes tan diversos como a familia, os medios de comunicación, os iguais e a sociedade en xeral. Polo mesmo, a violencia tamén se pode desaprender
Convivir	A convivir, a compartir vivencias xuntos ,apréndese interactuando; fomentando as boas relacións interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica; desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades. Ademais,isto require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.
Acoso entre iguais	Cando se fala de matonismo, de acoso entre iguais ou do chamado bullying, faise referencia a situacións reiteradas, dilatadas no tempo,de intimidación, ameaza, agresión ou abuso,que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo. Non se pode esquecer, tampouco,que existen outras formas de acoso entre persoas con diferentes roles.
Vandalismo	Fálase de vandalismo cando se observan comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro ou das persoas, sen consideración nin respecto ningún. Estes comportamentos provocan unha grande alarma e non poden deixarse de lado, polo que cómpre intervir

rapidamente con medidas disciplinarias, reparadoras e educativas

Disciplina

A disciplina é un concepto que ten, na actualidade, connotacións negativas pola súa propia historia pasada, aínda que se sabe que é unha necesidade persoal e social. Por exemplo, a autodisciplina forma parte da bagaxe dunha persoa á hora de enfrontarse cun traballo ou con calquera actividade: educativa, laboral, deportiva ou doutra índole. En definitiva ,insistir na disciplina fai referencia ao respecto a normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados, sexa na aula, no centro ou en calquera organización social ou actividade

Comportamentos disruptivos

Cando se fala de comportamentos disruptivos , os maioritarios nos centros educativos, faise referencia a moi distintos fenómenos que acontecen a diario e que poden estar relacionados co currículo (falla de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación, etc.), cos compañeiros (mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo aos demais, etc.) ,co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper,etc.) ou en relación co centro (non aceptar as normas, deambular polo centro). Ademais,hai que engadir outras problemáticas na relación socio-familiar : problemas familiares graves; proximidade ao mundo das drogodependencias; carencias afectivas, culturais e sociais.

Absentismo escolar

O absentismo escolar, a falta de asistencia habitual ás aulas, non é un fenómeno moi frecuente, pero para atallalo é clave a colaboración interinstitucional e multidisciplinar no ámbito local e municipal.

Tomado do “*Plan Integral de mellora da Convivencia en Galicia* “

3 .RESULTADOS DAS ENQUISAS SOBRE CONVIVENCIA

CONCLUSIÓNS SOBRE AS ENQUISAS

PROFESORADO

1. Sobre o coñecemento dos documentos ou actuacións ,referidos á convivencia do centro.

Superior ao 80% o coñecemento referente ás NOF, ao PAT ,PEC e PXAD, Medio no referente ao Plan de Convivencia e Comisión de Convivencia

Pouco coñecemento (< 20%) con respecto á Aula de Convivencia Inclusiva e ao Mediador ou equipo de mediación

2.Sobre a convivencia no centro nos últimos 3 anos

Máis da metade 60 % opina que a situación permanece igual sen mellora nin empeoramento , non habendo diferenzas significativas entre as etapas nas que imparten docencia.

3.Sobre os problemas de convivencia actuais

O 60% opina que non existen actualmente e o 40% de xeito puntual.

4.Sobre a formación en materia de convivencia escolar.

O 80% considérase ben formado , aínda que máis o 60% opina que o coñecemento entre os demais membros do profesorado no referente aos problemas de convivencia entre o alumnado é regular.

5.Sobre a influencia de diversos aspectos no clima de convivencia escolar.

O 100% considera moi importante traballar a convivencia dende a prevención e as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción titorial , desenvolvendo programas para adquirir habilidades e competencias sociais (80%) , favorecendo unha maior participación do alumnado na solución de problemas e formando ao profesorado en xestión da convivencia (80%)difundindo as actuacións á toda a comunidade educativa (80%) pero sen aplicar sancións estritas (0%)

6.Sobre a organización e uso dos espazos no centro

O 60% opina que se respecta o acordado a principios de curso a pesares de non estar incluído nas NOF (en elaboración)

7.Sobre o coidado dos materiais e das instalacións.

O 60% opina que” normalmente cóidase” bastantes veces e o 40% restante que isto sucede moitas veces

8.Problemas relacionados co coidado dos materiais e das instalación.

Non hai respostas , suponse por non ter sufrido problemas deste tipo

9.Sobre o coñecemento dalgúns protocolos / programas/actuacións que poidan considerarse favorables da convivencia

O coñecemento é alto sobre o Protocolo de absentismo (100%) e sobre a Escola de pais/nais(80%)Medio (60%) no referente ao Plan de acollida pero baixo con respecto ao protocolo de acoso e ciberacoso,programa de mediación,difusión de aspectos das NOF...

Isto está moi influenciado por dous aspectos. Por un lado a idade do noso alumnado maioritariamente de E. Infantil e por outra

banda que estanse revisando e redactando de novo as NOF.

10. Sobre a resolución de conflitos.

O 80% intenta solucionar dialogando para poder chegar a acordos

11. Sobre a relación coa familias

O profesorado nun 80% considera que as familias amosan interese polos estudos dos seus fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar.

12. Sobre a importancia das causas que inflúen na conduta do alumnado.

O 60% opina que inflúe MOITO o aumento da tolerancia na sociedade ,as metodoloxías inadecuadas e os problemas familiares (familias desestruturadas) e en menor medida (40%) a falta de formación do profesorado en técnicas de regulación de conflitos, o contexto social (20%) e o tipo de organización e clima do centro(20%)

CONCLUSIÓNS SOBRE AS ENQUISAS

FAMILIAS

1. Sobre o nivel de estudos que lles gustaría que acadasen os seus fillos/as?

O 70% carreira Universitaria e o 20% Técnico superior

2.Sobre o coñecemento dos diferentes documentos ou actuacións do centro referidos á convivencia.

Menos da metade din coñecer o PEC e as NOF , e o coñecemento é aínda menor do PAT,Plan de Convivencia,PXAD , comisión de convivencia

3 e 4.Sobre a situación actual da convivencia no centro

A metade non contesta e un 6% considera que aumentou nestes últimos 3 anos.

O 60% opina que actualmente non existen problemas de convivencia e o 18% só dun xeito puntual

5. Sobre a formación en materia de convivencia escolar

Só o 37% considera que ésta é boa.

6.Sobre o coidado dos materiais e as instalación do centro.

O 70% está totalmente de acordo en que normalmente se coidan os materiais e as instalacións.

7. Sobre a participación activa na vida do centro e as relación coa comunidade educativa :

Entre o 75% e o 100% as familias acoden ao centro cando se lles convoca, amosan interese polo comportamento do seu fillo/a

facendo un seguimento continuado da súa evolución escolar, cren coñecer ben aos seus fillos/as, falan a diario con eles para ver como lles foi no colexio e de temas variados, pensa que o profesorado os escoita para chegar a acordos de actuación.

En torno a metade recoñecen ter a información necesaria para participar en algún órgano do centro, non pertencen á Anpa e senten que forman parte dun proxecto común

8. Sobre a condición de presunta vítima ou agresor/a

A inmensa maioría (94%) considera que o seu fillo/a non foi nin vítima nin autor/coautor de ningunha agresión e o resto non contesta.

9.10 Sobre as agresións das que foron vítimas ou cometeron os seus fillos/as

Non hai respostas

11. Sobre o coñecemento dos profesionais do centro educativo

O 100% coñece ao titor/a do seu fillo/a e máis do 90% á directora, o 81% á orientadora e en torno á metade coñece á Xefa de Estudos, Secretaria, mestras de apoio (PT e AL) e Persoal coidador

12. Sobre o nivel de apoio das decisións do titor/a sobre o comportamento dos fillos/as

O 81% adoita estar de acordo e o resto non responde.

13. Sobre o nivel de información dos eventos especiais que se realizan no centro.

O 94% di estar informado

3.5.PREVALENCIA DA CONFLITIVIDADE NO CENTRO ESCOLAR.ANTECEDENTES

Para concluír coma resumo deste apartado, a prevalencia de conflito negativo no noso centro nos últimos 5 anos foi moi escasa, agás casos puntuais. Destacar, pequenos problemas de comportamento dalgún neno/a que son subsanados con intervencións puntuais da mestra titora ou do servizo de orientación,algún problema puntual con algunha familias respecto á intervención educativa para cos seus fillos

En liñas xerais o grao de conflitividade na nosa comunidade educativa é escaso, pero abordamos con ilusión este plan de convivencia, xa que esta sempre é mellorable e , sen dúbida, reverte nunha educación de calidade para os nosos nenos.

3.6.DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO NOSO CENTRO

PUNTOS FORTES

- Os compoñentes da comunidade educativa, en xeral, viven con agrado a súa estancia na escola.
- Os problemas de convivencia non son considerados pola comunidade educativa coma temas urxentes a tratar na mesma, debido a inexistencia dos mesmos.
- As interaccións vividas polos nenos/as son vividas de xeito agradable por eles mesmos e polas súas familias.
- As agresións en xeral (tipo físico, verbal,...) non son contempladas coma un problema pola comunidade educativa, debido tamén a súa inexistencia
- Consecuencias graves coma o acoso e ciberacoso escolar, agresións, faltas graves, actualmente non son un problema no noso centro.
- Destacar o elevado grado de integración e inclusión educativa, con todo o que isto conleva do alumnado no noso centro.
- Unha das características do noso centro é o clima familiar do que gozamos, no que se dan poucos conflitos e os que se dan están moi focalizados.
- Destacar o baixo grao de conflictividade “negativa”, con importante ausencia de agresións e situacións que poñen en risco a convivencia escolar.
- As relacións co alumnado do centro e cos compañeiros/as, por parte do profesorado son calificadas coma boas.
- A percepción da conflictividade por parte do profesorado entre o alumnado e entre profesor – alumno é calificado coma baixo, no termo negativo de conflito.
- O nivel de respecto profesor – alumno e alumno – profesor é alto.
- A valoración positiva por parte das familias sobre a relación dos seus fillos e de elas mesmas co profesorado.

- Ademais a percepción de conflictividade por parte das familias é escasa no centro.
- Elevada presenza das familias na vida da escola.

PUNTOS FEBLES

- Non se coñece a normativa relativa á convivencia no centro por parte da Comunidade Educativa en xeral, e por parte dos pais en particular.
- Unha porcentaxe escasa das familias non participan plenamente na vida do centro.
- As familias non coñecen plenamente as normas de organización e funcionamento da escola.
- Descoñecemento de técnicas educativas coma a mediación ,titoría entre iguais que poden ser favorecedoras da convivencia na nosa escola

Preocupan.

- A baixa participación “activa” das familias no centro coma membros da ANPA,.....
- A percepción do profesorado do concepto conflito coma algo única e exclusivamente negativo. Inclusive a concepción do conflito coma innecesario, sendo un elemento indivisible da conduta humana.

4.OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA NO CONTEXTO DOS PUNTOS FEBLES

Un gran obxectivo prevalece no noso plan:

“VELAR POLO MANTEMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO”

En definitiva este gran obxectivo refírese a:

- Lograr un clima de convivencia baseado no respecto e comunicación entre os diversos axentes da nosa comunidade.
- Potenciar a colaboración, estima e traballo en equipo.
- Establecer normas claras e sinxelas comprendidas e aceptadas por todos.
- Asumir que a educación é una tarefa entre alumnado, profesorado e pais – nais

Estes obxectivos concréntanse nos seguintes:

- 4.1. Mellorar as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.
- 4.2. Aumentar o clima de confianza e comunicación entre o profesorado e o alumnado.
- 4.3. Profundizar no concepto de diversidade e as diferenzas entre individuos coma valores que melloran a convivencia.
- 4.4. Alcanzar a idea de converter os nosos patios escolares nun espazo educativo e de convivencia.

5.ACCIÓNS QUE AXUDEN A ACADAR OS OBXECTIVOS PREVISTOS. TEMPORALIZACIÓN/RESPONSABLES/INDICADORES DE LOGRO

OBXECTIVOS	ACCIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	INDICADORES DE LOGRO

4.1. Mellorar as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.	- Elaborar e subscribir un documento pedagóxico e de convivencia (que se entregará aos pais na primeira reunión de curso).	Dende o curso 2016/17	Comisión de convivencia, Equipo Directivo e ANPA.	Documento elaborado e aprobado polas comisións correspondentes e firmada a súa recepción polos titores do alumnado na 1ª reunión de cada curso.
	- Favorecer a interacción, comunicación e coherencia do ANPA co Equipo Directivo mediante reunións periódicas ao trimestre.	dende o curso 2016/17.	Equipo directivo e dirección do ANPA.	constancia das reunións e actas das mesmas.
	- Potenciar a comunicación coas familias a través de reunións periódicas tutoriais e do equipo directivo e departamento de orientación (fixadas xa no PXAD), e WEB do centro	dende o curso 2016/17.	Equipo directivo, dinamización TIC e profesorado en xeral	constancia e actas das reunións coas familias, realización de 3 reunións trimestrais tutoriais ao ano coas familias, uso da web do centro e correo electrónico
	- Estimular a representatividade do ANPA como cauce de participación na escola mediante información ás familias nas reunións de principio de curso sobre o seu papel e a importancia de participación na mesma	Dende o curso 2016/17	Equipo directivo, profesorado e ANPA.	Aumento da participación do ANPA na vida escolar e aumento do número de afiliados.
	- Mellorar en cantidade e calidade os contactos das titoras e mestras		Comisión de convivencia e mestras	Actas e documento de reunión elaborado.

	especialistas (en casos que sexa preciso) os contactos coas familias incrementando contactos (tamén aludido en anteriores obxectivos), e redactando un documento no que se recollan aspectos coma: data de reunión, asistentes, motivo, puntos tratados e acordos tomados.	Dende o curso 2016/17.		
	Favorecer a realización de encontros de expertos educativos, do departamento de orientación e outros cos pais e nais do centro.	dende o curso 2016/17.	Equipo directivo e Departamento de Orientación.	Aumento de ponencias educativas as familias e charlas e talleres .
	Estimular a participación das familias nas actividades complementarias realizadas dende o centro: , entroido, magosto, maíos, fin de curso... Incrementar o apoio das familias en actividades escolares que se realicen fora do recinto escolar	dende o curso 2016/17.	ANPA, Equipo directivo e familias.	Aumento dos pais e nais que colaboran e participan nas actividades de centro e balance cualitativo da súa participación. Cotexo cuantitativo da participación das familias en ditas actividades.

OBXECTIVOS	ACCIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	INDICADORES DE
------------	---------	-----------------	--------------	----------------

				LOGRO
4.2. Conseguir que toda a Comunidade Educativa coñeza, participe na elaboración e exerza as normas de convivencia e funcionamento da escola.	-Actualizar as NOFC a medida que vaian xurdindo necesidades de cambio.	Dende o curso 2016-17 en adiante	Equipo directivo, comisión de convivencia, claustro e consello escolar	-Aprobación das modificacións das NOFC polos órganos correspondentes.
	-Informar por tódalas vías posibles dos contidos máis relevantes das NOFC: nota coa matrícula, a principio de curso, axenda escolar de ser o caso, etc.	- Dende o curso 2016-17 en adiante.	Equipo directivo Titorías	Respecto dos diferentes membros da comunidade educativa das normas reflectidas.
	-Tratamento das normas de convivencia a principio de curso no claustro e actualización das mesmas e traslado as familias.	-Dende o curso 2016-17 en adiante.	Equipo directivo Mestres/as	Figurar como punto da orde do día no claustro de principio de curso. Proporcionar as familias as normas e publicalas na páxina web
	-Adquirir formación para unha futura implantación da titoría entre iguais ou mediación na resolución de conflitos	Dende o curso 2016-17 en adiante.	CFR Titores Equipo directivo	Fomentar a participación en cursos ou xornadas desta temática.

	-Traballar nas primeiras xornadas de curso as normas de aula e normas de cuidado do centro en xeral, como espazo común responsabilidade de todos/as.		Titores/as Equipo docente	Respecto polas normas traballadas
4.3. Incrementar o clima de confianza entre profesorado e alumnado e entre o propio alumnado.	-Aumentar a formación en competencias emocionais	Dende o curso 2017-18 en adiante	Equipo directivo Departamento de orientación Concello CFR	-Participación nas actividades de formación de diversas entidades en materia de educación emocional, convivencia, etc.
	-Potenciar as actividades conxuntas e xornadas de convivencia de tódalas escolas do CRA	Dende o curso 2016-17 en adiante		-Número de actividades programadas na PXA
	-Implantar de xeito experimental o programa TEI en educación infantil, nalgunhas das escolas.	Dende o curso 2017-18	Titores das aulas correspondentes Orientadora Membros participantes no PFPP	Grao de satisfacción a finais do curso no que se implanta de xeito experimental
	-Fomentar o xogo e participación en obradoiros (arte, modelado, cociña....) entre grupos de diferentes			-Número de actividades programadas nas diferentes programacións de aula.

	idades.			
4.4. Profundizar no concepto de diversidade e as diferencias entre individuos como valores que melloran a convivencia.	-Participar nas actividades de sensibilización sobre membros da sociedade con características diferenciais, véxase: autismo, comunidade xorda, comunidade xitana, etc	Dende o curso 2016-17 en adiante	Comunidade educativa en xeral	-Observación directa do progresivo incremento do xogo non sexista.
	-Promover unha educación non sexista:		Responsables da vixilancia no patio do recreo	-Observación directa do uso non discriminatorio do espazo do recreo.
	- Promover o uso de xogos non sexistas		Equipo directivo	-Reflexo efectivo nas programacións dos aspectos non sexistas.
	-Facer do patio do recreo un lugar favorable á coeducación.		Departamento de orientación Titores	Número de actividades nas que se participa.

	-Converter o tema da coeducación nun tema transversal que impregne tódalas actividades programadas.			
4.5. Intentar converter o patio de recreo escolar nun espazo educativo e de convivencia.	- Organización no recreo de xornadas ou espazos de xogo dirixido, por exemplo o xogo tradicional.		Titores e profesorado especialista	-Observación directa do incremento destes xogos no día a día.
	-Fomentar a participación de tódolos nenos e nenas nos xogos sen excepcións		Equipo docente	

6.SEGUIENTO E AVALIACIÓN

COMISIÓN	COMPOSICIÓN	FUNCIONES	REUNIÓN
COMISIÓN DE CONVIVENCIA	<ul style="list-style-type: none"> A comisión de convivencia estará composta polas persoas representantes do profesorado (2), das 	a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan. b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de	Tres reunións anuais de carácter ordinario, unha

	<p>familias (2) e do persoal de administración e servizos (1), todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Será presidida pola persoa titular da dirección do centro. • Unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. • Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen 	<p>todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.</p> <p>c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.</p> <p>e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.</p> <p>f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de</p>	<p>por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.</p>
--	--	--	---

	<p>que ser os mesmos necesariamente.</p>	<p>cumprimento da normativa vixente.</p> <p>g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.</p> <p>h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.</p> <p>i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.</p> <ul style="list-style-type: none">• Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello, ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector	
--	--	---	--

		que poidan colaborar na mellora da convivencia.	
CLAUSTRO DE PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> • Todo o profesorado con destino no centro. 	<p>a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.</p> <p>b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.</p> <p>c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Unha vez ao trimestre. • Cantas veces o precise a situación da convivencia no centro.
EQUIPO DIRECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Dirección • Xefatura de Estudos • Secretaría 	<p>a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.</p> <p>b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Unha vez ao trimestre. • Cantas veces o precise a situación da convivencia

			no centro.
DIRECCIÓN		<p>a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.</p> <p>b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no decreto.</p> <p>c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.</p>	
XEFATURA DE ESTUDOS		<p>a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.</p> <p>b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.</p> <p>c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.</p> <p>d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o</p>	

		dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.	
--	--	---	--